

AXUDAS TEMPORAIS E EXCEPCIONAIS ÁS PERSOAS PRODUTORAS DE CARNE

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA.

PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán ser beneficiarias das axudas:

1. As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras de vacún de carne, de ovellas, de cabras que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.
2. As persoas produtoras, no caso da axuda dirixida ao sector avícola de carne, deben cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.
3. As persoas produtoras, no caso da axuda dirixida ao sector cunícola de carne, deben cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

OBXECTO:

O obxecto desta resolución é aprobar as bases polas que se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína ao abeiro do artigo 39 quater do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

LÍMITES MÁXIMOS E MÍNIMOS PARA RECIBIR AXUDAS

A contía unitaria da axuda para as persoas produtoras de carne de vacún, carne de ovino e carne cabrún, determínase en función do tamaño da explotación utilizando para determinar cada unha destas categorías o número de animais desta.

Os límites subvencionables por persoa beneficiaria son:

- a) Explotacións de carne de vacún: ata 8.790,00 €.
- b) Cebadeiros de vacún: ata 5.000,00 €.
- c) Explotacións de ovino ou cabrún: ata 2.090,00 €.
- d) Explotacións de aves: ata 4.900,00 €.
- e) Explotacións de coellos: ata 5.100,00 €. Quinto. Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes De acordo cos artigos 7, 8 e 9 do anexo I da resolución.

MAIS INFORMACIÓN:

DOG Núm. 9 Venres, 13 de xaneiro de 2023.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA : Resolución do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, mediante a tramitación anticipada de gasto, das axudas temporais e excepcionais ás persoas produtoras de carne para compensar as dificultades económicas derivadas da invasión rusa de Ucraína ao abeiro do artigo 39 quater do Regulamento (UE) <https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia> do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e se convocan para o ano 2023 (**código de procedemento MR244A**).

O texto completo da convocatoria pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230113/AnuncioG1534-291222-0002_gl.pdf.